

CAMP NIGHT FOZ 2026

FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN

INFORMACIÓN DO PAI/NAI/TITOR

Nome e apelidos:

Enderezo:

Localidade:

DNI:

Número de teléfono:

Correo electrónico:

INFORMACIÓN DO/A MENOR

Nome e apelidos:

Data de nacemento:

Ten algún problema de saúde ou peculiaridade física/psicolóxica que poida afectarlle na realización das actividades:

Ten algunha intolerancia/alergia:

Sabe nadar?

☐ Si

☐ Non

Desexo inscribir ao/á menor anteriormente indicado/a á actividade organizada polo Concello de Foz denominada CAMP NIGHT FOZ 2026, que terá lugar desde as 17:00h do día 29 de xullo ata as 19:00h do día 31 de xullo de 2026.

CLÁUSULA DE PRIVACIDADE

De acordo con o establecido no RGPD e a LOPDGDD, informámoslle que o responsable de tratamento dos seus datos persoais e os/as do/a menor (no seu caso) é o Concello de Foz con enderezo en Avda. Álvaro Cunqueiro, nº 24, CP 27780, en Foz (Lugo). Os seus datos persoais serán empregados para a correcta xestión do campamento de verán no que se inscribe a/o menor, cobranza do servizo (no seu caso), así como efectuar a xestión administrativa e contable derivada da actividade. Vostede ten dereito a acceder, rectificar ou suprimir os seus datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar na oficina da entidade sita na dirección arriba indicada ou ben solicitándoa a través da sede electrónica do Concello: Sede electrónica de Foz (sedelectronica.es)

Tratamento de datos de saúde: en determinados casos, coa finalidade de prestar correctamente os servizos de coidado de menores prestado a través desta actividade, é preciso que tratemos datos relativos á saúde do/a menor (enfermidades, lesións, medicacións, alerxias alimentarias, trastornos de conduta e/o discapacidades) polo que, en cumprimento da normativa vixente de protección de datos, necesitamos o seu consentimento explícito e expreso para poder recoller e tratar os datos de saúde da/o menor na prestación do servizo solicitado.

No caso de que, sendo estritamente necesario para a correcta prestación do servizo solicitado, non nos autorice expresamente ao tratamento dos datos relativos á saúde do menor para a finalidade indicada, o Concello de Foz infórmalle que non poderá prestarlle os servizos de coidado de menores que nos solicita. Por todo iso, debe marcar a casa que se axuste aos permisos que quere darnos no relativo ao tratamento dos datos de saúde do seu fillo/a.

☐ Si, dou o meu consentimento expreso para que o Concello de Foz trate os datos relativo á saúde da/o menor na prestación dos servizos de "Camp Night Foz 2026".

☐ Non dou o meu consentimento para que se traten os dato relativos á saúde do/a menor no Concello de Foz.

Uso de fotografías e/ou vídeos: coa finalidade de promocionar a actividade desenvolvida polo Concello a través da área de Xuventude e Deportes, gustaríanos contar co seu consentimento para a toma e publicación de imaxes e/ou vídeos nos que poida aparecer o/a menor ao seu cargo, para a súa publicación tanto na páxina web oficial do Concello de Foz, nos perfís abertos pola entidade nas redes sociais e/ou en publicacións que se poidan chegar a realizar en soporte papel e/ou en medios de comunicación sobre as actividades organizadas polo Concello.

Por favor marque a casa que se axuste, en cada caso, aos permisos que queira darnos.

☐ Si, dou o meu consentimento para que se publiquen imaxes e/ou vídeos nos que poida aparecer eu ou, no seu caso, a/o menor ao meu cargo a través das canles mencionadas.

☐ Non dou o meu consentimento para que se publiquen imaxes e/ou vídeos nos que poida aparecer eu ou, no seu caso, o/a menor ao meu cargo.

Remitir a través de correo electrónico a xuventude@concellodefoz.es ou fisicamente na Casa da Xuventude

Sinatura do pai/nai/titor/a: